



**I CERTAME LITERARIO
MANUEL OTERO SAAVEDRA**
INFANTIL E XUVENIL
2016

ORGANIZA



COLABORA



**I CERTAME LITERARIO
MANUEL OTERO SAAVEDRA**
INFANTIL E XUVENIL
2016



Consulta as bases en:
<https://aavvsbenitosebastian.wordpress.com/>





I CERTAME LITERARIO MANUEL OTERO SAAVEDRA

INFANTIL E XUVENIL 2016

Manuel Otero Saavedra



achegan unha fermosa visión etnográfica e social da época dos anos 10 e 20 do s. XX no Porriño.

A importancia deste escritor, pouco estudado e recoñecido no Porriño e en Galicia pola súa obra, fai necesario que se reivindicque a súa figura. Con este fin, logo de propoñerllo á familia do escritor, esta accedeu a ceder o seu nome para o concurso literario e ponse en marcha.

Manuel Otero Saavedra foi un escritor e poeta porriñés nacido en 1905 no Porriño que emigrou á Arxentina, onde escribiu a súa obra "O Manoliño", un conxunto de relatos sobre a súa infancia no Porriño. Relatos que constituen un fermoso retrato dunha época e que



PRESENTACIÓN

A Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián do Porriño convoca o Iº Certame Literario de Relato Curto Infantil e Xuvenil Manuel Otero Saavedra coa finalidade de honrar a memoria do escritor porriñés Manuel Otero Saavedra e, asemade, divulgar a súa obra e impulsar a promoción da literatura en lingua galega. Este premio de relato curto, vaise rexer polas seguintes bases:

1. PERSOAS PARTICIPANTES

Poderá concorrer ao premio calquera persoa física entre 8 e 18 anos que desexe participar, ben na categoría infantil (de 8 a 12 anos), ben na categoría xuvenil (de 13 a 18 anos).

2. FORMATO E ESPECIFICACIÓNS

Os relatos deberán ser escritos integramente en lingua galega e a temática será libre, conforme ás normas ortográficas vixentes e ás especificacións destas mesmas bases. Amais de seren inéditos e totalmente orixinais, non poderán ter sido publicados ou

divulgados, parcial ou totalmente, por calquera medio físico ou electrónico. A extensión mínima será de 3 a 5 páxinas na categoría infantil e de 5 a 10 páxinas na categoría xuvenil. Deberán presentarse en formato dixital (word), tamaño folio DIN A4, de 2500 caracteres cada páxina, aproximadamente, cun espazamento entre liñas de 1,5 (espazo e medio)coas follas paxinadas.

3. PRESENTACIÓN DOS RELATOS CURTOS

Os traballos serán remitidos ao enderezo de correo electrónico aavv.sbenito.sebastian@gmail.com, nunha mensaxe na que se engadirá o arquivo word do traballo, indicando no asunto do correo "Certame Literario Manuel Otero". No texto do correo electrónico, indicaranse o nome completo e os datos de contacto da persoa participante (enderezo postal e electrónico) canda un teléfono de contacto.

4. PRAZOS E COMUNICACIÓN

O prazo para presentar os traballos abrangue dos días 26 de setembro a 31 de Outubro. A decisión do xurado, que será inapelable, darase a coñecer sempre antes da primeira quincena de decembro de 2016. A lectura das obras gañadoras e a entrega dos premios terán lugar nun acto público nunha data que se anunciará coa suficiente antelación.

5. XURADO

O xurado, cuxos membros serán dados a coñecer antes da concesión do premio, estará composto por catro especialistas en literatura e polo secretario da asociación de veciños, con voz e sen voto, que exercerá de fedatario público do resultado do concurso. Dous membros serán nomeados pola Asociación de Veciños de San Benito e San Sebastián, un polo Concello do Porriño, e outro pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. Os premios outorgaranse por maioría simple de votos do xurado.

6. PREMIOS

O primeiro premio para cada categoría será de 300 euros. Os segundos clasificados en cada categoría recibirían cadanseu accésit, conformados por lotes de libros de literatura galega e un agasallo de 50 euros. Calquera incidencia ocasionada na interpretación destas bases será solucionada pola maioría simple dos membros do xurado. Os premios, que son indivisibles, poderanse declarar desertos, no caso de que o xurado así o estime. Para tal circunstancia, de cinco votos posibles, terá que darse o caso de que unha obra non sume un mínimo de tres dos votos do xurado.

7. ORIXINAIS NON PREMIADOS

Os orixinais non premiados destruíranse pasados 30 días da emisión da decisión do xurado.

A participación neste premio significa a completa aceptación destas bases e mais das decisións do xurado que se designe. As bases poderán consultarse no apartado CERTAME do nosa web.